



RUTA DO FERROCARRIL A PONTENOVA-ABRES

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2020



Distancia: 12.5 km (lineal)
Dificultade: baixa

Un percorrido case chan polo que, seguindo o trazado da antiga liña do ferrocarril que transportaba o mineral e o ferro das minas da contorna de Vilaoudriz ao porto de Ribadeo, imos remontando o curso do río Eo entre San Tirso e a Pontenova.

O concello da **Pontenova** está situado á beira do Eo, na comarca da Mariña Oriental. Unha das actividades máis destacadas foi a **minaría de ferro** que supuxo un grande empuxe para a economía da zona e deu orixe ao municipio que coñecemos na actualidade.

As **minas de Vilaoudriz**, cunha avaliación de dous millóns e medio de toneladas de mineral de ferro, foran denunciadas en 1894, outorgándose a concesión mineira o 28 de xullo de 1895. En 1900 constitúese en Bilbao a **Sociedad Minera de Villaodrid**. A **actividade mineira** a grande escala iniciouse en 1904.

Explotáronse as minas “Luisa”, “Vieiro”, “Consuelo-Bouloso” e Eneas”.

O mineral presentábase en dúas variedades, rubia (hematites e goethita) e carbonatada (siderita). A primeira podía empregarse sen manipulación, mentres que a segunda precisaba dunha calcinación previa, para o que se construíron fornos. Os restos da calcinación, ricos en fósforos, eran empregados para fertilizantes.

A **liña de ferrocarril** entre A Pontenova e Ribadeo (34 km) comezou a construírse en 1902 e finalizou dous anos despois. Fíxose aproveitando o val do Eo e remataba directamente no porto onde se atopaba o embarcadero. Construíronse 13 túneles, catro pontes metálicas e dúas de cimentación de pedra.

O percorrido contaba con catro estacións, a de Vilaoudriz, San Tirso, Porto-A Veiga e Ribadeo, e catro apeadoiros.

Os transportes ían cara ao porto de Rotterdam, con destino á conca siderúrxica do Ruhr, e tamén aos portos británicos de Ardrosan, Swansea ou Glasgow.

Os anos da Primeira Guerra Mundial (1914-18) a actividade redúcese ao mínimo. Na década de 1950 a actividade mineira cesou e en 1964 deixou de funcionar o ferrocarril.

Os fornos de calcinación de mineral das minas de Vilaoudriz, a estación do ferrocarril de A Pontenova e o cargadero de Ribadeo foron recuperados en 1989 e forman parte do patrimonio industrial da comarca.

No mes de outubro, durante as festas da Pontenova celébrase a “Queima dor Fornos”, que vai pola edición número 23.

Hoxe en día un tramo da liña de ferrocarril está acondicionado como roteiro (**Vía Verde**) entre A Pontenova e San Tirso de Abres, apto para camiñantes e bicicletas.



Boca do túnel de Louredal

PERCORRIDO

Desde **A Pontenova**, onde recollemos información na oficina de turismo, desprazámonos a San Tirso e comezamos ao pé da **antiga estación**, o primeiro edificio que se atopa á beira da estrada ao entrar, desde a principal, na que vai a El Llano; na primeira curva, entramos no **túnel de San Tirso**. Á saída xa estamos preto do Eo que, unhas veces visto e outras sentido, levaremos entre 10 e 15 m por debaixo ao longo de todo o percorrido, acubillado entre as ringleiras de árbores caducifolias autóctonas: freixos, pradairos, salgueiros, ameneiros (moitos danados polo fungo) e, en moitos lugares, nunha segunda e terceira liña, detrás deles, carballos, castiñeiros e loureiros co seu mato natural; todos eles ameazados polas masas de eucaliptos que cobren as abas dos montes da contorna. Ao río é case imposible achegarse polo abrupto do terreo, de forte desnivel, coa verticalidade aumentada polo recheo que se fixo para pasar o trazado da vía. A 1,5 km da saída temos que cruzar a estrada Lugo Ribadeo. Seguindo a ruta logo chegamos, antes da boca do seguinte túnel, aos restos da **central eléctrica de Louredal**, construída, segundo nos informan no panel indicador que se atopa á beira do camiño, para subministrar enerxía a unha fábrica de lentes ópticas que nunca chegou a funcionar, pero produciu electricidade para alimentar vivendas da contorna. Máis adiante vese a presa. Neste tramo o camiño é bastante despexado ata chegarmos á ponte que hai ao pé da **central eléctrica A Central**. Cruzamos a ponte e logo un pequeno túnel para seguir ata un punto onde o ruído do río e a cor branca da auga, chama a nosa atención e ao pouco atopamos unha baixada a un refuxio de pescadores e á **presa da Central**, da que o río se descolga nunha ferverza artificial, á beira da que se atopa unha escada para a peixes. Dous km e uns túneles máis adiante chegamos ao límite de Asturias onde remata o camiño de terra e entramos en Galiza onde o camiño está asfaltado. Pasado o desvío a Saldoiriña e antes de chegar a Ervelle hai outra baixada ao río cunha **pontella**, estragada, que comunicaba os lugares anteditos con Saldoira, na outra beira do río e ao pé da estrada principal. Pasado Ervelle o camiño segue á sombra ata chegar ao **forno do Boulloso**. Seguimos para pasar ao pé da **área deportiva e de lecer da Pontenova**, e completar o último tramo do percorrido ao pé dos **fornos de Vilaoudriz**.



Fornos de calcinación de mineral de ferro en Vilaoudriz (A Pontenova). O primeiro forno levantouse en 1902 e chegou a haber ata cinco. Miden 11 metros de altura.



O Eo na presa da Central






Os túneles están acondicionados con protección nas paredes e iluminación



Restos da pontella sobre o Eo, entre Saldoira e Ervelle




O Eo na Pontenova



Un tramo do camiño á sombra das árbores autóctonas



Forno de Bulloso



Imaxe antiga dos fornos da Pontenova